



CONSIDERACIONES

1

Panorama económico

1.- No contexto actual, caracterizado por unha elevada incerteza internacional, a economía galega amosa un crecemento apoiado fundamentalmente na demanda interna. O CES considera necesario reforzar a capacidade exportadora e avanzar nun modelo produtivo máis competitivo, innovador e orientado a actividades de maior valor engadido.

2.- A economía galega medra un 2,6%, dúas décimas por baixo do rexistrado en España, impulsada sobre todo pola demanda interna e por sectores como a construción e a industria. O CES sinala que este crecemento ten límites sociais e laborais, xa que non garante por si só unha mellora das condicións de vida da maioría da poboación. Por iso, é preciso reforzar as políticas públicas que aseguren unha distribución máis xusta da riqueza, melloren a calidade do emprego e avancen nas condicións laborais e salariais da cidadanía galega.

3.- O dinamismo do investimento constitúe unha oportunidade para acelerar a transformación do modelo produtivo. O CES considera necesario orientar este proceso cara a actuacións que incrementen a produtividade, o emprego de calidade, favorezan a incorporación de tecnoloxía e impulsen sectores con maior capacidade de xeración de valor engadido. Neste senso, é necesario buscar un equilibrio orzamentario que non poña en perigo os investimentos estratéxicos que as nosas empresas e o noso tecido produtivo necesitan para seguir funcionando.

4.- A agricultura, gandería, silvicultura e pesca en Galicia experimentou no último ano un incremento do 1,3% en 2025, aumentando un 1,2% en España (3,1% e 10,8% no ano anterior, respectivamente). Á súa vez, o sector primario continúa perdendo peso na estrutura produtiva de Galicia, onde representa só o 5% do VEB. En opinión do CES, cómpre reforzar as medidas que permitan a mellora da súa competitividade polo seu papel estratéxico na subministración

de materias primas, no emprego en áreas rurais e na xestión do territorio, así como lanzar políticas valentes de relevo xeracional e modernizar o agro e o mar con tecnoloxía.

5.- A evolución sectorial evidencia un crecemento da actividade industrial, aínda experimentando unha certa ralentización na evolución do subsector manufactureiro. O CES considera convincente reforzar as estratexias industriais cara o desenvolvemento de cadeas de valor completas, a xeración de efectos tractores sobre o conxunto da economía e a creación de emprego de calidade.

6.- O menor dinamismo relativo dalgúns segmentos do sector servizos require unha atención específica. O CES entende que é preciso avanzar na súa modernización, especialmente a través da dixitalización, impulsar a diversificación económica e promover actividades de maior valor engadido para lograr un crecemento máis sostible, resistente e xerador de emprego de calidade.

7.- O importante dinamismo da actividade económica rexistrada en Galicia no último ano non se trasladou ao mercado de traballo coa mesma intensidade, ao contrario do sucedido no conxunto do Estado español, onde a creación de emprego mantivo un maior ritmo de crecemento. Así, en Galicia observouse unha ralentización na xeración de emprego.

Neste contexto, o CES considera necesario apostar por un modelo de crecemento máis inclusivo, capaz de transformar o avance económico en melloras reais no emprego, e impulsar a cobertura de vacantes no tecido produtivo.

8.- A situación do mercado laboral continúa condicionada por factores como a baixa taxa de actividade. O CES considera necesario por en marcha os mecanismos necesarios para favorecer a retención e atracción de talento.

9.- A perda de participación da remuneración dos asalariados e asalariadas na renda durante o último ano —de dúas décimas— e o mantemento do peso relativo do Excedente Bruto de Explotación e das Rendas Mixtas no PIB (44% e 46,2%, respectivamente, en 2025) explica o incremento da fenda existente entre ambas as dúas compoñentes, situándoa en 2,2 puntos porcentuais.

Cómpre, polo tanto, aplicar medidas correctoras que permitan reducir os desequilibrios na estrutura da renda.

10.- A inflación mantivo en 2025 unha evolución máis moderada e controlada, afastada dos niveis máis altos dos últimos anos. Con todo, continúan os aumentos nos prezos da vivenda, dos alimentos e dos servizos básicos, cun maior impacto nos fogares con menos ingresos. Por iso, o CES reclama medidas para protexer o poder adquisitivo das familias, reforzar as políticas de apoio social e garantir o acceso asequible aos bens e servizos esenciais.

11.- A análise da competitividade rexional amosa avances, aínda que persisten debilidades en ámbitos clave como as infraestruturas e a eficiencia empresarial. O CES considera necesario



priorizar actuacións que permitan mellorar estes factores, pasando a un modelo baseado na produtividade real, na mellora das condicións laborais, no valor engadido e en mellores infraestruturas.


12.- O reto demográfico continúa a exercer unha influencia significativa sobre o mercado de traballo e o potencial de crecemento. O CES considera necesario avanzar en políticas que favorezan tanto a fixación de poboación como a atracción de talento, prestando especial atención ao equilibrio territorial.

13.- Un ano máis, desde o CES queremos chamar a atención sobre o elevado grao de envellecemento da poboación galega, especialmente acusado no medio rural, xa que constitúe un reto que require dunha estratexia que integre políticas a nivel económico, de dotación de servizos públicos, de vivenda, de infraestruturas, medioambiental, etc, que contribúan a reverter o declive nesas áreas.

14.- En Galicia sitúanse dúas das tres provincias españolas coa idade media da poboación máis elevada: Ourense e Lugo. Aínda que ambas comparten problemas como a perda de poboación, a baixa natalidade e a emigración xuvenil, tamén presentan diferenzas importantes na súa estrutura económica, distribución territorial e importante presenza da poboación estranxeira, polo que resulta necesario analizar as súas particularidades de maneira específica, e aplicar medidas correctoras.

15.- A perda de poboación nova e a baixa natalidade mostran, para o CES, a necesidade de reforzar políticas públicas que axuden a fixar poboación, especialmente a mocidade, a través de emprego estable, servizos de conciliación, servizos de proximidade, acceso á vivenda e mellores condicións de vida.

16.- En Galicia, o mantemento da poboación nos últimos anos débese en boa medida á chegada de poboación estranxeira, que contribúe a frear o descenso demográfico e a cubrir necesidades laborais en distintos sectores económicos. Porén, estas persoas enfróntanse non só ás dificultades xerais de acceso ao emprego e á vivenda, senón tamén a obstáculos engadidos relacionados co descoñecemento do idioma, das costumes e do funcionamento administrativo e social do territorio.

Por este motivo, en opinión do CES resulta fundamental que as administracións públicas impulsen políticas activas de integración social e laboral. Entre as medidas máis necesarias destacan os programas de aprendizaxe lingüística, a orientación laboral e o apoio educativo. Tamén é importante promover campañas de sensibilización social que favorezan a convivencia, a inclusión e o respecto á diversidade cultural. 

2

Mercado de traballo e relacións laborais

1.- A resolución do convenio de colaboración entre o IGE e o INE polo que se ampliaba a mostra da EPA en Galicia implica a perda de información estatística que afecta á capacidade de diagnóstico da situación e en consecuencia ao deseño de políticas de emprego eficaces e adaptadas á realidade territorial e social galega.

O CES solicita recuperar ou reforzar instrumentos que permitan dispor de datos fiables e completos.

2.- Co obxectivo de mellorar a precisión estatística, o CES propón que se leve a cabo unha revisión dos tramos de idade establecidos nas estatísticas, especialmente nos tramos de poboación xuvenil e nos tramos de máis idade, para progresivamente adaptarse á nova realidade laboral, cun aumento na idade de xubilación e cunha maior diversidade de traxectorias profesionais.

3.- En conxunto, o mercado laboral galego mellora en termos agregados, pero segue caracterizado por unha estrutura salarial desigual, diferenzas de xénero persistentes e unha posición relativa inferior á media estatal.

O CES entende que cómpre consolidar a tendencia positiva reforzando as políticas de emprego que favorezan a incorporación e permanencia no mercado laboral, así como avanzar na calidade e estabilidade do mesmo.

4.- No ano 2025, por primeira vez desde o inicio da serie estatística, o número de mulleres afiliadas superou ao dos homes, persistindo a menor duración media das afiliacións no caso das mulleres. Para o CES, esta evolución positiva debe verse acompañada de medidas que reforcen



a igualdade de oportunidades, contribúan a reducir a temporalidade e a mellorar a estabilidade do emprego feminino así como o desenvolvemento profesional e a diversificación ocupacional.

5.- A presenza de poboación estranxeira é cada vez maior no mercado de traballo en Galicia. Cómpre ter en conta esta nova realidade, especialmente polos maiores niveis de precariedade que adoitan sufrir, como unha maior temporalidade, menores ingresos ou maiores dificultades de integración social.

O CES considera fundamental analizar en profundidade estas desigualdades tanto para promover medidas que favorezan a igualdade de oportunidades, a integración laboral e a inclusión social, como para articular mecanismos eficaces de formación e cobertura de vacantes en sectores con especiais dificultades de contratación, co obxectivo de avanzar cara a un mercado de traballo máis xusto e inclusivo.

6.- En canto á evolución do traballo autónomo, continúa o descenso no número de afiliacións ao RETA. Un ano máis, o CES solicita medidas que contribúan a frear esta tendencia protexendo ás persoas que sustentan unha parte importante da nosa actividade económica. Así mesmo o CES estima que se deberían de analizar as actividades onde se está a producir maioritariamente este descenso para coñecer e, no seu caso, atallar as causas do mesmo.

7.- As afiliacións ao réxime especial de persoas empregadas no fogar experimentaron unha nova caída no ano 2025. En concreto, o descenso interanual máis acusado (4,6%) na serie analizada (desde 2019). O CES considera que deberían estudarse as causas deste descenso sos-tido.

8.- As dúas ramas de actividade relacionadas co sector primario sitúanse entre as cinco primeiras de Galicia por perda de afiliación. Tendo en conta a importancia deste sector, tanto para a industria como para a fixación de poboación no medio rural, o CES considera urxente aplicar medidas de apoio que contemplan axudas á viabilidade da actividade e contribúan ao incremento do emprego, con especial atención ao necesario relevo xeracional.

9.- Entre os retos do mercado de traballo persiste unha taxa de actividade que se sitúa no 53,5%, sendo inferior á media estatal (59%) e unha das máis reducidas do conxunto do Estado. En opinión do CES, é preciso impulsar medidas que favorezan a incorporación de máis persoas ao mercado laboral, especialmente entre os colectivos con menor participación, para reducir un diferencial que limita o potencial de crecemento económico.

10.- A pesar de que as mulleres acadan, en xeral, niveis de formación superiores aos dos homes, seguen a verse máis afectadas pola precariedade laboral. Esta situación pon de manifesto a existencia de desigualdades estruturais no mercado de traballo que van máis alá da cualificación académica. Resulta necesario analizar as causas desta realidade e aplicar medidas eficaces que permitan corrixila.

11.- O envellecemento demográfico e a dispoñibilidade de man de obra constitúen un reto crecente, o CES estima que cómpre avanzar en políticas orientadas ao relevo xeracional, á retención e atracción do talento mozo e ao retorno de persoas traballadoras.

12.- No dinamismo do sector industrial, con 192.300 persoas ocupadas e un incremento de 8.900 empregos respecto ao ano anterior, destaca especialmente o subsector manufactureiro (o 90,5% do emprego industrial). Esta circunstancia, unida ao forte crecemento das ramas de enerxía, subministración de auga e xestión de residuos, leva ao CES a salientar o potencial de Galicia para reforzar o seu posicionamento na transición enerxética e na economía circular, en liña coas prioridades da política industrial europea.

13.- Un ano máis, desde o CES queremos alertar da elevada temporalidade que padecen as persoas asalariadas do sector público. A pesar do descenso rexistrado no último ano, continúa en niveis moi elevados (26,7% no ano 2025) e moi por riba do sector privado, onde na mesma data se situou no 10,4%. Cómpre analizar en profundidade as causas desta situación e implantar as medidas necesarias para corrixila.

14.- A taxa de temporalidade en Galicia sitúase en 2025 no 13,8%, 1,1 puntos porcentuais por debaixo do ano anterior e inferior á media estatal (15,3%). Por sexos, a mellora do indicador prodúcese tanto en homes como en mulleres, cunha redución da taxa de temporalidade de 1,7 puntos porcentuais no caso dos homes e de 2,6 puntos no das mulleres, aínda que continúa a ser superior no caso feminino.

En opinión do CES, esta evolución positiva debería acompañarse do reforzo de medidas que contribúan á consolidación da estabilidade no emprego.

14.- A redución en 2025 da taxa de temporalidade acompáñase dun incremento do índice de rotación ata os 3,8 contratos por persoa (fronte aos 3,2 de 2024). Cómpre destacar que preto do 40% dos contratos temporais teñen unha duración inferior a unha semana, e o 60% non supera os seis meses. O CES considera imprescindible o reforzo dos mecanismos que permitan aumentar a duración nos contratos temporais e avanzar na estabilidade do emprego.

15.- O CES entende necesario destacar que a xornada parcial segue estando fortemente feminizada e, ademais, en moitos casos responde a situacións de parcialidade non desexada, é dicir, persoas que aceptan traballar a tempo parcial por non atopar un emprego a tempo completo. O CES solicita analizar as limitacións do mercado laboral para ofrecer emprego a xornada completa a toda a poboación que o demanda.

16.- No que atinxe aos contratos fixos discontinuos, en 2025 rexístrase unha nova redución do 3,5%, tras o descenso do 3,8% en 2024. Cómpre salientar que Galicia concentra a práctica totalidade da caída destes contratos a nivel estatal. Ante esta situación, o CES considera necesario analizar en profundidade se esta evolución responde a un desprazamento cara a outras formas de contratación.



17.- A estrutura do paro en Galicia en 2025 está fortemente concentrada nas idades máis avanzadas, xa que case a metade das persoas paradas teñen entre 50 e 64 anos, destacando especialmente o grupo de 60 a 64 anos. Esta realidade evidencia unha maior dificultade de reinserción laboral nas idades próximas á xubilación, un colectivo con maiores dificultades para volver ao emprego. Esta situación amosa a necesidade de mellora das políticas específicas de emprego e recualificación dirixidas ás persoas maiores desempregadas para incrementar as súas oportunidades de reinserción laboral.

18.- A incorporación da mocidade ao mercado laboral galego no ano 2025 permanece estancada, sendo especialmente preocupante o incremento do desemprego no tramo de 16 a 19 anos, que alcanza o 44,5%. O CES considera urxente o reforzo de programas específicos de formación dual e de acceso á primeira experiencia laboral.

19.- En 2025, o desemprego de longa duración en Galicia segue a ser un dos principais problemas do mercado laboral, especialmente no caso das persoas que levan máis de dous anos na procura de emprego, que suman 22.300 persoas. O CES entende necesario impulsar medidas específicas para a reinserción laboral deste colectivo, que representa unha parte importante da poboación desempregada.

20.- Galicia sitúase á cabeza, no conxunto de España, en número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego (ERE), así como en número de folgas e de persoas afectadas por elas. Compre analizar as causas desta situación e aplicar medidas para remediala.

21.- O número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego incrementouse de forma significativa, acadando as 11.555 en 2025 (frente ás 9.305 de 2024), cunha elevada concentración no sector da fabricación de vehículos. O CES entende prioritario promover investimentos en innovación e tecnoloxía que permitan reducir a dependencia dos mecanismos de regulación temporal no sector industrial.

22.- O crecemento do custo laboral por persoa traballadora experimentou unha notable desaceleración, pasando do 5,2% en 2024 ao 2,2% en 2025. Galicia sitúase así entre as comunidades autónomas con menor custo laboral do Estado. O CES entende necesario orientar as políticas cara a un modelo baseado no incremento da produtividade e do valor engadido.

23.- O incremento continuado do Salario Mínimo Interprofesional nos últimos anos foi un factor clave na redución da fenda salarial, que en Galicia experimentou un descenso progresivo ata situarse no 17,7% en 2024. Esta desigualdade responde non só a diferenzas salariais directas, senón tamén a factores estruturais como a segregación, a maior presenza feminina en empregos a tempo parcial e as menores oportunidades de acceso a postos de responsabilidade. O CES estima necesario implementar e reforzar medidas para paliar esta situación.

24.- O 40,3% das mulleres acadaron ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional (28,2% no caso dos homes), o que as sitúa nunha situación de maior vulnerabilidade. As xornadas parciais, maioritariamente involuntarias, a temporalidade e a segregación laboral, están entre as causas destes cativos ingresos. Cómpre, polo tanto, impulsar políticas públicas que fo-

menten a estabilidade laboral, a igualdade salarial e a conciliación e corresponsabilidade, co fin de reducir esta situación.

25.- En 2025 reduciuse o número de convenios asinados ou revisados, pasando de 156 a 115, aínda que o incremento salarial pactado mellorou lixeiramente ata o 3,56%. A cláusula de ultraactividade estivo presente no 83% dos convenios de sector.

O CES considera necesario dinamizar os procesos negociadores en liña coa recomendación do Consello Galego de Relacións Laborais, de cara á negociación colectiva de cada ano.

26.- A xornada media pactada en Galicia interrompeu en 2025 a tendencia descendente do ano anterior, subindo ata as 1.760,45 horas anuais, incremento que se explica polo comportamento do sector servizos; sen embargo as horas efectivas reducíronse nun 0,8%. Desde o CES entendemos que a negociación colectiva é un instrumento axeitado para racionalizar e distribuír correctamente o tempo de traballo, buscando fórmulas que traten de aliñar as necesidades organizativas do tecido produtivo coas das persoas traballadoras.

27.- O índice de incidencia de accidentes mortais baixou de 5,5 en 2024 a 4,2 en 2025, pero Galicia segue moi por riba da media estatal, que se sitúa en 2,8. A construción mantén o maior índice de sinistralidade. Esta situación require impulsar e reforzar as actuacións do ISSGA neste ámbito.

28.- En 2025, Galicia rexistra un incremento dos procesos de incapacidade temporal por continxencias común acompañado dunha duración media significativamente superior á media estatal (case o dobre), que acada os 78,85 días fronte aos 41,90 días en España, e o número de procesos iniciados en 2025 é superior aos iniciados no ano anterior. No caso das continxencias profesionais a duración media é moi inferior (case 17 días menos). Neste contexto, o CES considera necesario chamar a atención sobre esta realidade e insistir na necesidade de aplicar as medidas correctoras precisas, xa que esta situación prexudica tanto ás persoas afectadas como ao empresariado e ao erario público.

29.- O orzamento para formación caeu de 172,7 millóns en 2024 a 122,8 millóns en 2025, o que supuxo que uns 15.000 alumnos menos puideron acceder a accións formativas no último exercicio. O CES insta ás administracións a recuperar eses niveis de investimento e a reforzar as accións formativas para o emprego nas actividades con dificultades para atopar man de obra. Esta medida permitirá cualificar as persoas en situación de desemprego en nichos de mercado con vacantes reais, garantindo a súa rápida integración laboral e impulsando a produtividade do tecido empresarial. Neste senso, as medidas formativas deben artellarse de xeito que se evite xerar segregación ocupacional de xénero. □

3

Dinamismo do tecido produtivo

1.- O contexto internacional de incerteza pon de manifesto a importancia de consolidar unha traxectoria de crecemento da economía galega que se traslade de maneira equilibrada ao conxunto dos sectores produtivos. Neste sentido, resulta relevante fortalecer as bases estruturais da economía, incidindo na mellora da produtividade, na calidade do emprego e no impulso da competitividade do tecido produtivo.

2.- Malia xerar un valor engadido bruto de 3.941,4 millóns de euros, o sector primario continua perdendo peso no PIB galego. Asemade, o sector sofre un menor crecemento que o resto das actividades, un descenso da ocupación (6.500 empregos menos) e presenta unha remuneración media que non chega á metade da media autonómica, cunha fenda de 10,9 euros por hora. Sendo un sector con escaseza de man de obra, e estratéxico para a subministración de materias primas á industria alimentaria e o desenvolvemento rural e costeiro, o CES insta ao Goberno a analizar en profundidade as condicións laborais neste sector, e incrementar o apoio para corrixir estas deficiencias estruturais, mellorar a produtividade e garantir o emprego.

3.- O cambio climático é un factor externo que ten importantes repercusións no sector primario. É fundamental realizar un estudo detallado dos posibles efectos que este cambio poida ter sobre o sector, e, na medida do posible, implementar as medidas preventivas necesarias para mitigar os impactos negativos e adaptarse aos novos escenarios climáticos.

4.- No último ano a superficie agraria útil volveu descender en Galicia, representando o 28,3% do territorio fronte ao 49,7% estatal. Cómpre reforzar as medidas destinadas a incrementar a base territorial das explotacións para mellorar a súa competitividade, reducir a dependencia da compra de materias primas e alimentos de terceiros países e evitar o abandono.

5.- O número de gandeiros que realizaron entregas de leite reduciuse nun 6,6% nun ano no que tanto o volume entregado como o prezo rexistraron subas. Isto amosa o grave problema de relevo xeracional que ten o sector. Ao mesmo tempo, o 45% do leite producido polas explotacións galegas sae da Comunidade Autónoma sen transformar. Diante disto, o CES insta ao Goberno a reforzar as medidas de mellora da competitividade das explotacións, a favorecer a incorporación de persoas mozas e a potenciar a capacidade de transformación en Galicia de xeito que se incremente o valor engadido xerado e repercuta positivamente no conxunto do sector.

6.- Un ano máis o número de viticultores descende e a produción de uva aumenta. Isto confirma o cambio no modelo produtivo: desde as explotacións familiares cara un modelo de grandes grupos adegueiros. O CES considera preciso protexer a figura do pequeno viticultor como garante da conservación do patrimonio enolóxico, paisaxístico, cultural, económico e demográfico das comarcas vitícolas.

7.- A pesar da recuperación, tanto da produción como do valor da actividade pesqueira en 2025 respecto de 2024 ao CES preocúpalle a continua redución do número de embarcacións pesqueiras, polo que considera necesario adoptar medidas que garantan a viabilidade e a sustentabilidade do sector a medio e longo prazo.

8.- Ademais de ter en conta os efectos do cambio climático na produción marisqueira, o CES quere chamar a atención sobre a situación do marisqueo a pé, que en 2025 rexistra unha nova perda de permisos de actividade. Esta evolución vén acompañada dunha estrutura demográfica marcada polo elevado peso das persoas de maior idade e pola significativa presenza feminina, especialmente concentrada nos tramos de idade máis avanzados.

Esta configuración pon de manifesto a necesidade da renovación xeracional e da incorporación de novas persoas á actividade, nun contexto no que o marisqueo constitúe unha peza relevante do complexo mar-industria.

9.- A pesar da moderación do seu ritmo de crecemento en 2025, o sector industrial galego presenta unha evolución comparable á do conxunto do Estado e mantén un peso da industria e das manufacturas no PIB superior á media española. Malia isto, o CES considera necesario promover a diversificación, a innovación e a tecnoloxía, reducindo a dependencia de sectores tradicionais e do contexto internacional, para así manter a competitividade, o emprego estable e o investimento.

Ademais, evolución da industria manufactureira pon de manifesto a capacidade de determinados segmentos industriais para competir en contornas cada vez máis esixentes. Para o CES resulta oportuno continuar impulsando actuacións orientadas ao reforzo dos factores estruturais de competitividade do sector, favorecendo a súa capacidade para xerar valor engadido, investimento e emprego de calidade.

10.- O CES destaca a relevancia da industria da automoción na economía galega, tanto polo seu peso no valor engadido como pola súa capacidade de xeración de emprego industrial, cun com-



portamento que amosa evolucións diferenciadas entre segmentos, especialmente no caso da industria de compoñentes. O CES considera necesario que as políticas públicas reforcen o posicionamento da industria da automoción e da súa industria auxiliar na economía galega, promovendo a súa adaptación aos cambios tecnolóxicos e produtivos en curso no marco da transformación do sector.

11.- A industria da alimentación constitúe unha das principais bases da estrutura industrial galega polo seu peso no emprego e no valor engadido, así como pola súa vinculación coa transformación de recursos do sector primario e a súa implantación territorial. O CES considera oportuno que as políticas públicas impulsen a capacidade do sector para xerar e reter maior valor engadido no territorio, reforzando o seu papel na cadea alimentaria.

12.- Ante a caída do emprego na industria téxtil, o CES considera necesario acompañar os procesos de dixitalización e automatización con instrumentos de apoio e plans de recualificación para evitar a perda de postos de traballo.

13.- O dinamismo do sector da construción en Galicia maniféstase nunha achega do 6,7% ao PIB e na evolución positiva da actividade no ano 2025, cun crecemento do 7,3%, superior ao rexistrado no conxunto do Estado (5,6%). En opinión do CES, é preciso seguir traballando na consolidación desta tendencia, e en asegurar as condicións necesarias para o desenvolvemento da actividade construtiva no seu conxunto, en particular no que respecta á dispoñibilidade de solo e á estabilización da man de obra.

14.- Galicia é a segunda comunidade autónoma con menor peso da vivenda protexida. Dada a grave problemática existente en materia de acceso á vivenda, o CES considera prioritario incrementar a construción deste tipo de vivendas, co fin de facilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os colectivos con maiores dificultades.

15.- Aínda tendo en conta que o mercado residencial galego estivo marcado por incrementos significativos na actividade de compravenda de vivendas, na concesión de hipotecas e nos visados de obra nova de carácter residencial, o CES entende que cómpre reforzar as medidas necesarias para incrementar a oferta de vivenda no mercado residencial, tanto pública como privada, co obxectivo de favorecer o equilibrio entre oferta e demanda e contribuír á estabilidade do mercado.

16.- O sector servizos segue a ser o principal soporte da economía galega, cun peso superior ao 70% do VEB e máis do 73% do emprego, e cun crecemento en 2025 que, aínda sendo positivo, é lixeiramente inferior ao do ano anterior e con comportamentos heteroxéneos entre ramas de actividade. Para o CES é necesario reforzar as actividades de maior valor engadido no sector servizos e impulsar a modernización das actividades máis tradicionais, mediante políticas orientadas ao incremento da produtividade e do valor engadido, promovendo a innovación, a dixitalización e a internacionalización, co obxectivo de consolidar a súa contribución ao crecemento económico e ao emprego en Galicia.

17.- A crise que atravesa o comercio en Galicia intensificouse no último ano, como reflicte tanto a diminución do número de establecementos comerciais (-2,4 % en 2025) como o incremento das empresas en situación concursal. Esta realidade non só provoca unha importante perda de emprego, senón que tamén altera a idiosincrasia das vilas e cidades galegas. Por todo iso, o CES considera necesario prestar unha especial atención a este sector e impulsar medidas que favorezan a súa viabilidade e adaptación aos novos desafíos.

18.- En relación ao turismo, en Galicia, pese ao alto número de visitantes, os ingresos por aloxamento son baixos debido á concentración en turismo de gama media-baixa, forte competencia e estacionalidade. O CES propón seguir impulsando medidas para unha maior desestacionalización, diversificación e revalorización do produto turístico.

19.- Ante o incremento das vivendas de uso turístico, o CES considera necesario incidir en medidas de seguimento desta tendencia co fin de evitar efectos negativos, como unha menor dispoñibilidade de vivenda, a suba dos alugueiros e un modelo turístico de baixo valor e alta rotación.

20.- A evolución do turismo en Ourense evidencia as dificultades estruturais que padece a provincia, ao ser a única de Galicia que rexistrou un descenso da actividade turística respecto ao ano anterior. Por este motivo, o CES reclama a posta en marcha de medidas específicas que impulsen o seu desenvolvemento económico e social e contribúan a revertir esta tendencia.

21.- O CES considera necesario avanzar na mellora da conectividade e da intermodalidade do sistema de transporte en Galicia, especialmente mediante o impulso do transporte ferroviario e o reforzo da súa integración co transporte marítimo e portuario, co obxectivo de mellorar a eficiencia loxística e a competitividade económica da Comunidade.

22.- O comportamento do tráfico aéreo de pasaxeiros en Galicia continúa situándose por debaixo da media dos aeroportos españois. Por este motivo, o CES entende que cómpre adoptar medidas que incrementen a competitividade de Galicia neste medio de transporte, dada a súa importancia para o desenvolvemento económico e turístico da Comunidade.

23.- A continua diminución das oficinas de entidades financeiras en Galicia, particularmente no medio rural, segue a ser motivo de preocupación para o CES. Esta situación contribúe ao deterioro dos servizos dispoñibles para a cidadanía, especialmente para as persoas sen competencias dixitais, dificulta o desenvolvemento da actividade económica e agrava os problemas de despoboamento que afectan a amplas zonas do territorio galego.

24.- A 1 de xaneiro de 2025, Galicia conta con 186.951 empresas, o que supón un crecemento interanual do 0,8%, por baixo da media estatal (1,7%). Esta evolución pon de manifesto unha dinámica de creación empresarial menor que no conxunto do Estado e apunta a necesidade de avanzar na mellora de medidas que faciliten a creación de novas empresas e dinamicen o seu desenvolvemento e consolidación.




25.- O dinamismo da actividade económica de Galicia –medra un 2,6% respecto ao ano anterior– non se traduce nunha creación de empresas con asalariados. A Comunidade autónoma leva catro anos seguidos perdendo empresas con asalariados, contando no último ano con 78.574 empresas. Ante esta situación o CES demanda medidas concretas para reducir a mortalidade das pemes e acompañar o seu crecemento.

26.- O CES pon en valor o indicador de densidade empresarial de Galicia, que se sitúa en 68,9 empresas activas por cada mil habitantes, por riba da media estatal (67,4) e mantendo a Comunidade na cuarta posición no conxunto do Estado. Este nivel de densidade convive cunha elevada atomización do tecido produtivo, posto que máis da metade das empresas galegas non contan con persoas asalariadas (52,5%). O CES considera necesario reforzar estratexias orientadas á consolidación empresarial e ao incremento da dimensión media das empresas, favorecendo a súa capacidade de xeración de emprego e competitividade.

27.- O número de empresas que logran manter a súa actividade tras tres anos de vida amosa unha redución significativa respecto ao ano anterior, o que pon de manifesto a existencia de factores que condicionan a consolidación das novas iniciativas empresariais. Para o CES é preciso avaliar as causas desta circunstancia e de ser o caso, aplicar as medidas oportunas.

28.- A balanza comercial galega no ano 2025 segue a manifestar un bo comportamento, concentrando Galicia o 8% das exportacións e o 4,8% das compras exteriores do conxunto do Estado. Se ben o número de empresas exportadoras regulares segue unha senda ascendente nos últimos catro anos, o número total de empresas galegas que venderon parte dos seus produtos fóra de España redúcese novamente no 2025. O CES considera preciso reforzar as medidas dirixidas a incrementar a base exportadora, incidindo especialmente na innovación de produtos e servizos e no peche de ciclos produtivos, para que os beneficios do comercio internacional cheguen a un tecido produtivo máis amplo e diverso.

29.- Despois de anos encadeando récords exportadores, as vendas galegas ao exterior rexistran unha caída interanual do 0,3%. O CES entende necesario reforzar instrumentos como o FOEXGA e orientalos con máis decisión cara a mercados emerxentes.

30.- Galicia perde peso como destino de capital nun momento no que a competencia por atraer proxectos industriais é máis intensa que nunca. O CES entende necesario simplificar procedementos, dispoñer de solo industrial accesible e ofrecer un marco estable que non afaste o investimento que Galicia precisa para xerar emprego de calidade. 



Calidade de vida e benestar social

- 1.- Galicia conta cun índice de envellecemento moi elevado, moi superior á media estatal, especialmente nas zonas pouco poboadas, onde duplica a media galega. Este feito, por si só, implica unhas necesidades sanitarias maiores ca noutras comunidades cunha poboación máis nova, ademais de necesidades diferenciadas segundo o territorio. Por iso, desde o CES instamos a que estas singularidades sexan tidas en conta á hora de planificar as dotacións e os recursos sanitarios.
- 2.- Dada a prevalencia de enfermidades crónicas en Galicia, o CES entende necesario incrementar a investigación e a prevención así como as medidas que promovan hábitos de vida saudables na poboación.
- 3.- A taxa de mortalidade en Galicia por trastornos mentais e do comportamento é moi superior á media estatal (57,3 por cada cen mil habitantes en Galicia, fronte aos 37 da media do Estado). Desde o CES entendemos que cómpre analizar as causas deste diferencial e aplicar os mecanismos correctores necesarios para reducir esta fenda.
- 4.- No ano 2025 apréciase un novo esforzo no incremento no gasto sanitario público relacionado coa necesidade de reducir listas de espera e mellorar a capacidade hospitalaria e a atención primaria. No entanto, neste ano prodúcese un incremento no tempo medio de espera para as intervencións cirúrxicas, e no caso das consultas externas mantéñense as especialidades de traumatoloxía e oftalmoloxía co maior número de persoas en agarda. É preciso reforzar as medidas de eficiencia do gasto sanitario e de capacidade organizativa e dispoñibilidade de recursos humanos e materiais para reverter esta situación, especialmente ante a dinámica demográfica derivada do envellecemento poboacional de Galicia.

5.- O número de facultativos de atención primaria mantense estancado, cunha media diaria de 2.434 profesionais, cifra insuficiente para cubrir as necesidades dunha poboación con alta prevalencia de enfermidades crónicas. O CES cree necesario analizar as causas e incentivar a incorporación de novos médicos de familia, especialmente no ámbito rural, para evitar que a sobrecarga asistencial derive en maiores tempos de espera.

6.- Galicia presenta unha taxa de suicidios moi relevante (292 casos), que supera amplamente a media estatal. O CES entende necesario analizar as causas deste problema, así como reforzar os mecanismos de prevención e apoio psicolóxico e facilitar o acceso rápido á atención especializada, tendo en conta a singularidades das zonas rurais máis illadas.

7.- O maior número de interrupcións voluntarias do embarazo rexístrase entre as mulleres de 20 a 24 anos. Desde o CES considérase necesario ampliar e reforzar as campañas de prevención, información e educación afectivo-sexual, especialmente entre a poboación máis nova.

8.- A taxa de risco de pobreza ou exclusión social en Galicia rompeu a súa tendencia descendente, aumentando ata o 18,43%. Especial preocupación xeran as mulleres (19,3%), os fogares monoparentais (32,9%) e a poboación estranxeira (51,8%). O CES propón ao goberno galego que estude as causas deste repunte e aplique medidas específicas para estes colectivos, tendo en conta as súas singularidades.

9.- A relación entre o risco de pobreza e a tenza da vivenda é clara, máxime nestes últimos anos, nos que se produciu un forte incremento do seu prezo. O CES entende que é preciso reforzar as políticas de apoio habitacional a través, entre outras, de medidas de incentivos fiscais, e a dispoñibilidade de vivenda para paliar o impacto deste custo básico no orzamento familiar.

10.- En 2025, os maiores incrementos interanuais dos prezos en Galicia están relacionados coa vivenda e coa alimentación, dúas rúbricas que afectan de maneira especialmente intensa ás persoas con menores ingresos.

Desde o CES instamos os poderes públicos a adoptar medidas eficaces que contribúan a corrixir esta situación, mitigar os efectos do incremento nos prezos destes bens esenciais e garantir unha maior protección dos fogares máis vulnerables.

11.- En relación á dependencia, tendo en conta que no último período o número de solicitudes non resoltas e o tempo medio de resolución aumentou, o CES insta á adopción de medidas urxentes para reducir os tempos de resposta do sistema de dependencia en Galicia. Esta situación require reforzar os equipos de valoración, simplificar os procedementos administrativos e mellorar a coordinación entre servizos, co obxectivo de reducir significativamente as listas de agarda e garantir unha atención máis rápida e eficaz ás persoas en situación de dependencia.

12.- Un ano máis, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma co importe medio das pensións contributivas de xubilación máis baixo, só por diante de Estremadura. Esta realidade está estreitamente ligada ás características do modelo produtivo galego, marcado historicamente por

salarios máis baixos, maior temporalidade e unha elevada presenza de sectores con menor valor engadido, o que repercute directamente nas bases de cotización e, en consecuencia, nas pensións futuras. O CES considera preciso fortalecer o sector industrial como motor de emprego de calidade.

13.- Novamente a tendencia decrecente nas afiliacións tanto no réxime de autónomos coma no do mar, ten o seu reflexo na caída do número de pensións vinculadas a ditos réximes. O CES considera preciso chamar a atención sobre a posta en marcha e reforzo de medidas que permitan unha mellora das súas condicións tanto durante a súa vida activa, como unha vez rematada a mesma.

14.- A análise das pensións por xénero pon de manifesto, por unha banda unha clara sobrerrepresentación das mulleres como titulares de pensións non contributivas, e, por outra banda, que as pensións contributivas das mulleres continúan sendo inferiores ás dos homes en todos os réximes da Seguridade Social. No ano 2025, a fenda de xénero nas pensións contributivas situouse por riba do 30%, reflectindo a desigualdade existente neste colectivo. Esta realidade evidencia a situación de maior vulnerabilidade económica na que se atopan moitas mulleres pensionistas. O CES demanda seguir avanzando nun modelo laboral máis estable e igualitario que permita ás mulleres acceder a carreiras de cotización completas e, en consecuencia, a pensións dignas, e solicita que esta situación sexa tida en conta á hora de deseñar e implantar medidas de apoio e protección social destinadas ás persoas pensionistas, incorporando a perspectiva de xénero nas políticas públicas.

15.- No último ano en Galicia a diferenza do que acontece de media no estado aumenta a duración media dos procesos de incapacidade temporal por continxencias comúns que acadou os 78,9 días moi por riba da cifra do conxunto de España (41,9 días). É preciso reforzar as medidas que permitan revertir esta situación que impide a pronta recuperación das persoas traballadoras nun contexto de falta de man de obra en moitas ocupacións.

16.- A lacra da violencia de xénero é unha realidade que continúa afectando gravemente á nosa sociedade. Para o CES os datos evidencian a necesidade de reforzar a prevención, a protección ás vítimas e a concienciación social para erradicar definitivamente esta forma de violencia.

17.- No ano 2025 continúa o aumento dos procedementos incoados por delitos de menores. Esta situación require de medidas especiais no eido educativo e outras de apoio ás familias que permitan cambiar esta tendencia negativa.

18.- Nun contexto internacional marcado pola inestabilidade xeopolítica, o aumento dos conflitos e a postergación do multilateralismo o CES considera preciso destacar a necesidade de non esquecer o esforzo no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible, acompañado de medidas de apoio que faciliten unha transición adaptada ao reto que supón o cambio climático e a aposta por reforzar a economía circular.

19.- Ante a crecente incidencia dos efectos derivados do cambio climático sobre sectores estratéxicos da economía galega, e o seu impacto na saúde dunha poboación cada vez máis en-

vellecida, o CES considera necesario avanzar no cumprimento do obxectivo de neutralidade climática. Para isto é preciso incidir en medidas orientadas á sostibilidade tanto do modelo produtivo, como dos patróns de consumo.

Ante esta situación, desde o CES considérase imprescindible impulsar políticas públicas que garantan unha transición ecolóxica xusta e adaptada ás necesidades do territorio galego, apoiando especialmente os sectores e colectivos máis afectados.

20.- O CES insta ás administracións públicas a mellorar a eficiencia na xestión da auga en Galicia tendo en conta os elevados niveis de perdas reais por fugas, roturas ou avarías na rede de subministración, que supuxeron en torno a un cuarto do total da auga subministrada á rede. A auga require unha xestión especialmente eficiente e responsable. Por iso, considérase necesario reforzar o mantemento e renovación das redes de abastecemento, mellorar os sistemas de control e medición e reducir tanto as perdas técnicas como as non técnicas, co obxectivo de garantir un uso máis sostible e eficiente dos recursos hídricos.

21.- Ante a crise forestal rexistrada en Galicia durante o exercicio 2025, os lumes máis graves dos últimos 30 anos, cunha enorme superficie queimada que derivou non só nunha crise ambiental senón nunha emerxencia de protección civil, con numerosas vítimas, o CES reclama priorizar a prevención durante todo o ano, con recursos humanos e materiais suficientes e axeitados para a prevención e extinción de incendios forestais e unha mellor xestión do monte galego.

22.- O verán de 2025 foi catastrófico, con máis de 118.000 hectáreas queimadas, multiplicando por 44 a superficie afectada o ano anterior; Ourense foi a provincia máis golpeada con 101.584 ha. Por primeira vez un incendio superou as 35.000 ha, varios superaron as 20.000 ha e moitos estendéronse por máis de 10.000 ha.

O CES considera necesario realizar unha análise profunda das causas estruturais deste fenómeno, coñecer a situación na que se atopaba o territorio afectado, do papel das excepcionais condicións atmosféricas, da resposta proporcionada polos servizos de extinción, etc. Os resultados desa análise deben ser dados a coñecer á sociedade galega e servir para adaptar as políticas de prevención e defensa contra o lume no futuro.

23.- Para o CES, o modelo de xestión de residuos debe abordarse desde unha visión integral que priorice a prevención, a reutilización, a reciclaxe e a recuperación de materiais, avanzando cara a un modelo de economía circular e consumo máis sostible.

24.- Os danos do lobo ao gando continúan sendo moi elevados, e os danos producidos polo xabaril no ano 2025 alcanzaron máximos históricos tanto en superficie agraria afectada como en accidentes de tráfico. Isto pode xerar un risco sanitario, e un grave conflito coa actividade agraria e a seguridade viaria.

O CES considera necesario deseñar unha estratexia integral que combine o control poboacional baseado en criterios científicos con melloras rápidas nos sistemas de indemnización para as persoas afectadas.

5

Recursos e capacidades para o desenvolvemento

- 1.- A fenda de xénero nas titulacións STEM é moi preocupante. O CES entende que é preciso seguir impulsando medidas que favorezan unha elección formativa máis diversa que contribuirá a unha presenza máis equilibrada no mercado de traballo.
- 2.- A formación profesional continúa presentando unha marcada segregación por sexos, o que evidencia a persistencia de desigualdades na distribución do alumnado entre as distintas familias profesionais. Co obxectivo de reducir a mesma, desde o CES, propoñemos que se implanten medidas de orientación académica e profesional con perspectiva de xénero desde as etapas educativas temperás.
- 3.- O CES considera necesario o mantemento e o fortalecemento dos Centros Rurais Agrupados (CRA), como medida que contribúe a evitar o despoboamento do rural e a asegurar a igualdade de oportunidades.
- 4.- Ante o envellecemento dos cadros de persoal do profesorado e a necesidade de remuda xeracional, o CES considera necesario incidir na planificación dos recursos humanos para evitar problemas coas substitución e a perda de calidade educativa.
- 5.- Un novo descenso da participación no programa ABALAR-E-Dixgal pon de manifesto a necesidade de avaliar os factores que explican esta evolución e no seu caso, poñer en marcha os mecanismos necesarios para asegurar que os programas de transformación dixital teñan un impacto efectivo na mellora das competencias do alumnado.



6.- A taxa de abandono educativo retoma no ano 2025 a senda descendente e sitúase no 10,4%, aínda por riba do obxectivo europeo do 9% para 2030. Para o CES é preciso seguir avanzando na redución deste indicador, relevante tanto para garantir o desenvolvemento persoal e as oportunidades futuras das persoas como para dispoñer dun capital humano máis cualificado e adaptado ás necesidades do tecido produtivo, prestando atención a colectivos especialmente vulnerables.

7.- A cada vez maior presenza de alumnos e alumnas estranxeiros evitan que a caída global de alumnado non sexa de maior magnitude, e o mesmo tempo constitúen un reto importante para o sistema educativo. Desde o CES consideramos necesario intensificar á atención da diversidade e á inclusión educativa, garantindo os apoios necesarios para favorecer o éxito académico e a integración social do alumnado de orixe estranxeira, así como para fortalecer a convivencia e a cohesión social nos centros educativos.

8.- O desaxuste existente entre a oferta e a demanda de titulacións superiores está a provocar que un número significativo de persoas traballadoras non poidan exercer a profesión para a que se formaron. Desde o CES reclamamos a elaboración dun estudo rigoroso sobre as necesidades profesionais actuais e futuras do tecido produtivo, especialmente relevantes en sectores estratéxicos como o TIC, co obxectivo de orientar a formación superior cara aos perfís máis demandados e favorecer unha inserción laboral acorde coa cualificación das persoas tituladas.

9.- Tras vinte trimestres consecutivos con taxas positivas de crecemento, o PIB real en Galicia no cuarto trimestre do ano é un 12,9% superior ao nivel existente no mesmo período de 2019 (anterior á pandemia de covid). Este incremento é moi superior á media da Unión Europea e da zona euro e sitúase por riba do dato de recuperación económica neste período no conxunto de España. É necesario potenciar as medidas que permitan continuar esta senda positiva da economía galega especialmente mediante a extensión da dixitalización e novas tecnoloxías no conxunto do tecido produtivo da nosa Comunidade Autónoma.

10.- Galicia continúa rexistrando un esforzo en I+D inferior ao da media estatal e europea. Desde o CES consideramos prioritario incrementar o investimento neste ámbito, dada a súa importancia para fortalecer a competitividade da economía galega, impulsar a innovación empresarial e avanzar cara a un modelo produtivo máis sostible e intensivo en coñecemento e con empregos de calidade. Asemade, solicita unha aposta estratéxica polo I+D como motor de desenvolvemento.

11.- Segundo a Estatística sobre Actividades de I+D do Instituto Nacional de Estatística (INE) tras o aumento significativo no número de efectivos dedicados á I+D en Galicia en 2023, no último ano rexistrouse unha redución do 3,7%, o que contrasta co crecemento do 4,6% a nivel nacional. Dado que o persoal empregado en actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) é un dos indicadores clave para avaliar o esforzo investidor e a capacidade innovadora dunha economía, o CES demanda reverter esta situación para evitar a perda de talento e de emprego científico. 